

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

### **AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2023-2024**

#### **3º ESO**

##### **Procedemento de AVALIACIÓN INICIAL**

Servirá para decidir sobre a metodoloxía e os recursos didácticos a empregar con ese grupo. Dan idea das necesidades de reforzo en aula que precisa o alumnado. Consistirá en realizar: Preguntas e respostas curtas acerca dos sectores e axentes económicos, sobre conceptos económicos, acerca da localización xeográfica ou do grao de coñecemento das Idades da Historia. Presentación e preguntas sobre os recursos xeográficos e históricos: textos, táboas, imaxes, gráficas e mapas.

##### **Criterios de CUALIFICACIÓN e de RECUPERACIÓN**

Haberá dúas probas escritas por trimestre de dúas ou tres unidades.

As probas cualificaránse sobre 10 pts e representan un 60% da cualificación trimestral, quedando un 10% para traballos individuais de ampliación, tamén se valorará o traballo continuo visualizado coa observación e a través do caderno que aportará un 10% e un 10% para as probas de localización cartográfica se as houbera previstas ( en caso contrario, ese 10% para intervencións orais que demostren capacidade de aplicar o aprendido) o 10% restante recaerá na realización do traballo cooperativo coa correspondente exposición oral.

As faltas ortográficas reducen a cualificación das probas e producións ( 0,10 p. cada unha)

Trala avaliación o alumnado disporá dunha proba de recuperación. Para superar a proba debe acadar unha nota de 5.

O alumnado poderá recuperar a materia por parciais na recuperación trimestral (trala avaliación).

Traballos e reunións de seguimento. No caso de non entregar os traballos na data establecida o alumnado resolverá unha proba final ( pode incluír preguntas de localización xeográfica en mapas mudos)

Cualificando de 0 a 10 os traballos realizados polo alumnado e, de non contar con esa produción individual ou no caso de non responder ao 70 % das cuestións de xeito correcto, será a obtida na proba escrita (que se puntuará cun máximo de 10 puntos). Proba escrita cun máximo de 10 preguntas (pode incluír preguntas de localización xeográfica en mapas mudos).

O alumnado debe acadar unha nota de 5 para superar a materia pendente.

## ***DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA***

### ***AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2023-2024***

#### ***4º ESO***

##### **Procedemento de AVALIACIÓN INICIAL**

A proba inicial ou diagnóstica realízase ao comezo do curso, e versará sobre contidos xa vistos en cursos precedentes que esteán en relación cos que se vaian a ver ao longo do curso de 4º da ESO. Non terá fin avaliativo sumativo, senón diagnóstico e formativo, para facernos ver o nivel do que parte o alumnado e, a finais de curso, valorar a súa progresión no proceso formativo propio.

Ademáis, en cada Unidade Didáctica realizaremos tarefas ou actividades destinadas a discernir os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Tamén ofrecen información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realicen propostas didácticas de como queren abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación, ben no momento da posta en común das resolucións da proba inicial ou ben durante a implementación da unidade didáctica mandándolles facer pescudas para que por si mesmos cheguen á conclusión exacta.

Dita proba inicial consistirá, segundo as unidades, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, redaccións....

##### **Criterios de CUALIFICACIÓN:**

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 70%.

En canto as táboas de indicadores (traballos individuais, cadernos, traballos colaborativos con ou sen exposicións orais...) pondéranse sobre o 30% .

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 0 a 10 e consistirán en dar resposta a unha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser:

- preguntas para explicar un feito ou acontecemento (preguntas- tema);
- de relacionar conceptos ou para definir conceptos;
- de identificar e comentar imaxes ou mapas históricos;
- para comentar un texto histórico;
- preguntas para aportar similitudes e diferenzas entre algúns feitos históricos;

Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

\* Se o alumnado emprega sistema de copia, a proba escrita será nula e deberá acudir ao exame de recuperación de fin de curso.

A táboa de indicadores( que suma un 30 % da cualificación da avaliación) comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos de ampliación individual ( max 10 %); traballo diario/ producións do caderno (max 10 %); traballo colaborativo ( 10 %) con formato de presentacións en ordenador con ou sen exposición oral; etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente ou moi ben 1; ben 0,7; bastante ben 0.5; regular 0,25, valores cos que logo se extrae a media.

\* No caso de ter a evidencia ou o coñecemento e apreciar que os traballos non foron resoltos polo alumnado a cualificación será de 0.

En conclusión, podemos considerar que as probas escritas ponderan un 70% e os traballos un 30%. Será condición para realizar a media dos exames escritos ter unhas cualificacións nos diferentes exercicios superior a catro puntos.

Considérase aprobado cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación dá máis de 5, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [ (Media Ex. x 0,70)+ (Media rúbricas T.I.x 0,30)] .

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. No caso de se o decimal 5 terase en conta a actitude de interese do alumnado reflectida nas intervencións realizadas por eles en cada avaliación e, no caso de que demostren esa boa actitude, o redondeo será a alza e viceversa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

A cualificación final de curso calcularase facendo a media das cualificacións das avaliacións trimestrais .

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

\* O alumnado debe expresarse correctamente polo que as faltas de ortografía restarán un 0,10 / ud. en cada proba ou produción do alumnado.

### **Crterios de RECUPERACIÓN:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá en recibir explicacións de reforzo dos contidos e conceptos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). Á cualificación da proba de recuperación haberá que sumar de novo a táboa de indicadores. A materia de cada avaliación queda aprobada si o alumnado obtén 5 ou máis.

Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente ( cara a finais de curso) consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas destacadas polo/a profesor/a ao longo do do plan de recuperación.

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

### **AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2023-2024**

#### **2º de BACHARELATO - HISTORIA DE ESPAÑA**

##### **Procedemento de AVALIACIÓN INICIAL:**

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial ou unha práctica que poidan constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Elaboración de comentarios, sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Os resultados de dita avaliación poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

##### **Criterios de CUALIFICACIÓN:**

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e as Competencias clave que poderemos avaliar a través da Rúbrica de Avaliación.

Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta:

Avaliación das Competencias Clave.

O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumnado, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a

avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha función formativa, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe do seu alumnado, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias

- A avaliación formativa ou orientativa faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumnado en dito proceso.
- A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumnado adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

### **O PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DOS SABERES:**

Ten un carácter CONTINUO e organízase da seguinte maneira:

- Farase en tres avaliacións, o alumnado realizará a lo menos dúas **probos escritas** cada avaliación que representan un **80%** da cualificación.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de comprensión dos conceptos e procesos representan ata un **20 %** son:

- A participación no **traballo de grupo**. A participación na súa exposición oral na que o alumnado non pode limitarse a ler resumos e debe responder ás cuestións que se lle plantexen sobre o seu traballo (**10 %**).
- O **traballo diario** e continuo (**10 %**): A realización de sínteses mediante esquemas, resumos ou gráficos. A capacidade de síntese e análise. A capacidade de síntese e análise. A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos. A comprensión dos mesmos. A comprensión e desenvolvemento das actividades. A utilización das fontes de información.

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex, Teams.....

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

Os **criterios para cualificar** ao alumnado serán os seguintes:

- Probas escritas (exames) ou dixitais nas que os alumnos deberán contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas, que seguirán a estrutura dos modelos de probas de Abau.

- A ponderación dos exames escritos,(dixitais no marco dunha ensinanza non presencial) na nota de avaliación será como máximo do 80%,e en cada avaliación haberá como mínimo dous exames.
  - A ponderación de outros traballos escritos, dixitais ou traballos específicos, exposicións oráis, cuestións, composicións as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será como máximo do 20%.
  - Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha calificación de 5 ou superior na nota ponderada dos exames feitos en dita avaliación.
  - Ter unha avaliación suspensa implica a obrigaón de recuperala,
  - Para aprobar o curso e ter a materia superada é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Neste caso a nota final será a media aritmética das tres.
  - Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.
- \*Se un alumno ou alumna é descuberta copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.

#### **Criterios de RECUPERACIÓN:**

- O alumnado que ao longo do curso non acade os obxectivos reflectidos nesta programación poderá realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do Departamento que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación, tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.Se ten toda a materia suspensa realizará unha proba final.
- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.
- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.
- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.
- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula, na web do centro , o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procuraráse que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro ónde se publicará esta programación.

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

### **AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2023-2024**

#### **2º de BACHARELATO - HISTORIA DEL ARTE**

##### **Procedemento de AVALIACIÓN INICIAL:**

A diagnóstico realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita avaliación inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, debates.. co apoio de visionados de material audiovisual.

##### **Criterios de CUALIFICACIÓN**

Nas unidades didácticas establececese o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe entre sesenta e o oitenta por cento, dependendo da unidade.

En canto as táboas de indicadores (tratamento de textos, traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates) pondéranse entre un dez e un corenta por cento, segundo cada unidade.

Mais aló do peso dos criterios debemos recordar o procedemento de cualificación e avaliación desta materia, que presenta un marcado carácter de avaliación continua:

-Realízase con **PROBAS ESCRITAS**:

Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10. A estrutura da proba seguirá o modelo proposto para as probas ABAU. Faránse a lo menos dúas probas escritas cada trimestre e calcularase a nota media acadada nelas polo alumnado.



- Cualificaránse os TRABALLOS do alumnado:

No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica.

En cada avaliación realízase a seguinte ponderación:

Desta maneira os criterios de cualificación quedarían da seguinte maneira:

- probas escritas un 80%

- outros indicadores 20%

### **Criterios de RECUPERACIÓN:**

En canto aos criterios de recuperación determínase un 80% para as probas escritas ao que se lle aplicará, en consecuencia, e sumará o 20% dos outros indicadores xa valorados nas diferentes avaliacións. Se o profesorado o considera oportuno deberá presentar, obrigatoriamente as actividades de reforzo que se lle entreguen.

Os traballos propostos serán titorizados polo profesorado para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e para facer o seguimento da realización do mesmo.

As probas escritas faranse por trimestre, e puntuaranse sobre dez e figurando o seu valor en cada pregunta.

Se o alumnado ten cualificadas negativamente dúas avaliacións, realizará ao final de curso unha proba global que incluírá toda a materia do curso, aplicándolle os mesmos criterios de recuperación xa aplicados en cada trimestre.

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

### **AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2023-2024**

#### **2º DE BACHARELATO - XEOGRAFÍA DE ESPAÑA**

##### **Procedemento de AVALIACIÓN INICIAL:**

***avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e os coñecementos previos.***

Uns instrumentos desta Avaliación pode ser unhas tarefas orais ou escritas que poden constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que os alumnos teñen sobre conceptos e contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na resposta a preguntas orais, elaboración de cuestionarios, test, visionados de material audiovisual.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

##### **Criterios de CUALIFICACIÓN**

- A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso a aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.
- A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

##### **- A avaliación ordinaria:**

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións serán de aplicación práctica nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os **instrumentos de avaliación** a utilizar co fin de coñecer o grado de comprensión dos conceptos, contidos e procesos, son:

- A participación nos traballos de grupo ou colaborativos con ou sen exposicións. Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación e participación.
- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos. A comprensión dos mesmos cualificada nas respostas razoadas, nas comparacións e na búsqueda de semellanzas e diferenzas dos procesos.
- A capacidade de síntese ao elaborar organigramas, táboas e esquemas de todo tipo.
- A comprensión e desenvolvemento das actividades individuais de aplicación. No caso de ter cadernos do traballo en papel ou dixital. O alumnado debe ter ao día o seu caderno cos diferentes exercicios e esquemas que se van realizando na aula.
- A utilización das fontes de información como base da investigación para realizar proxectos.
- Probas escritas presenciais ou on-line se as circunstancias o requeren.
- Comentario de gráficas económicas, demográficas.
- Comentario de mapas temáticos e planos urbanos.

**Avaliación procedimental** (análise e comentario de documentos específicos da materia).

Esta proba pode referirse ao comentario de textos relacionados cos contidos tratados, comentarios de mapas de coropletas e táboas estadísticas, gráficos (diagramas ombrotérmicos, hidrogramas, perfís topográficos, cliserias, pirámides de poboación).

Cartografía (localización e análise de mapas físicos, políticos ou temáticos, planos). O material cartográfico deste exercicio pode referirse a calquera dos contidos recollidos no currículo da materia: mapas topográficos, mapas xeolóxicos, mapas isobáricos ou de isoietas, mapas de coropletas nos que se representen fenómenos físicos, económicos ou demográficos, mapas políticos de división administrativas, de transportes e vías de comunicación. Tamén incluímos neste apartado o comentario de planos urbanos.

Nos exercicios de localización, as respostas deberán ter un grado de precisión suficiente para seren valoradas de forma positiva, polo que o alumnado situará de forma inequívoca (mediante punto, liña ou contorno) aquilo que se lle requira no enunciado.

(É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.)

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Libro dixital EnRed e Edubook da editorial Anaya, Google Classroom, Podcast, Abalar, Google Earth, aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex ou Teams.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

**As probas escritas** serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou contidos deben ser reforzados. Terán unha estrutura igual ou similar ás probas de Abau.

Os criterios para cualificar ao alumnado serán os seguintes:

- **Probas escritas (exames), orais ou dixitais** nas que o alumnado debe contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas. Realizáranse como mínimo dous parciais en cada avaliación.- Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.

- A ponderación dos exames escritos ( orais ou dixitais se fose necesario) na nota de avaliación será dun 80% da cualificación de cada avaliación.

- A ponderación doutros traballos escritos individuais ou colaborativos, con ou sen exposicións oráis, cuestións, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será dun 20%, facendo media co número de traballos feitos.

- Para poder aprobar cada proba, será imprescindible obter unha calificación de 5 ou superior na nota media dos exames feitos en dita avaliación. Logo de calcular a ponderación da nota media das probas ou exames e a nota ponderada dos traballos e prácticas obténse a suma das ponderacións ou o que é o mesmo a cualificación da avaliación.

\*Cualificación en cada avaliación = ( ( nota 1º parc + nota 2º parcial)/2 ) x 0,80) + ( nota media dos traballos x0,20)= \_\_\_\_\_ Nota da Avaliación

- Ter unha avaliación suspensa implica a obrigaón de recuperala, polo que haberá unha recuperación despois de cada avaliación.

- Para aprobar o curso e ter a materia superada é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Neste caso a nota final do alumno será a media aritmética das tres.

- No caso do alumnado que, tralas recuperacións, siga suspendendo cunha nota inferior a 5 terá que presentarse á recuperación final ( si suspende 1 avl e parte doutra) ou ao exame Final ( no caso de seguir coas tres aval suspensas ou de non aprobar a recuperación final antes citada)).

- O exame da **avaliación extraordinaria** seguirá a mesma estrutura que o Final anterior e para aprobar o alumnado deberá obter unha nota de 5 ou máis.

- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Si un alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribírase esta sen alteracións nas actas.

- Si un alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.

- Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribirían como un 6 ou un 7).

\*\* - Se algún alumno ou alumna é descuberto copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación polo que terá que recuperala a final de curso.

\* - As faltas de ortografía descontan un 0,10 por cada tipo de falta.

### **Criterios de RECUPERACIÓN:**

- O alumnado que ao longo do curso non acaden os obxectivos reflectidos nesta programación e que non obteña unha nota de 5 ou superior nalgunha avaliación poderán realizar exames de recuperación ao comezar a seguinte avaliación.

-No caso de ter unha avaliación e parte doutra suspensas, poderá realizar unha recuperación ao final da terceira avaliación ( tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas).

- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.

- O alumnado que non acada unha nota de 5 e, polo tanto, suspende dúas ou tres avaliacións terá que realizar unha Proba Final na que ten que acadar unha nota de 5 para poder aprobar a materia na quenda de Avaliación Ordinaria.

\*- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.

- O exame da **avaliación extraordinaria** seguirá a mesma estrutura que o Final anterior e para aprobar o alumnado deberá obter unha nota de 5 ou máis.

- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.

- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula e na web do centro, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procurarase que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro onde se publicará esta programación.